

*Resolución do 2 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establecen as datas de elección dos membros das xuntas provinciais e autonómica de directores de centros de ensino non universitario.*

A Orde do 10 de decembro de 1997 (DOG do 18 de decembro) creou e regulou as xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario.

A Orde do 11 de novembro de 1999 (DOG do 10 de decembro) creou e regulou a Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario e modificou a devandita Orde do 10 de decembro de 1997.

A Resolución do 4 de febreiro de 1998 (DOG do 18 de febreiro), da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros das xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario, recolle no seu artigo primeiro que a elección dos directores que formarán parte das citadas xuntas provinciais se efectuará nas datas fixadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coincidindo coa renovación dos consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Resolución do 17 de novembro de 2000 (DOG do 28 de novembro), conxunta da Secretaría Xeral e da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario, recolle no seu artigo primeiro que a elección dos directores que formarán parte da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario se efectuará a continuación do proceso de renovación das xuntas provinciais de directores, nas datas fixadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Resolución do 25 de setembro de 2002 (DOG do 2 de outubro), da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establecen as datas de elección dos membros das xuntas provinciais e autonómica de directores de centros de ensino non universitario modificou, na súa disposición adicional única, o parágrafo 3 do artigo Cuarto da antedita Resolución do 4 de febreiro de 1998, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros das xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario.

Por corresponderlle no curso 2008-2009 a renovación dos consellos escolares dos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, esta dirección xeral, en uso das atribucións expresadas na disposición derradeira primeira da Orde do 10 de decembro de 1997 e na disposición derradeira primeira da Orde do 11 de novembro de 1999,

#### RESOLVE:

##### Artigo 1º.-Convocatoria.

1. Correspóndelle ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a

convocatoria, na súa respectiva provincia, das eleccións dos directores que formarán parte da Xunta Provincial de Directores de Centros de Ensino non Universitario e da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario.

2. En cada convocatoria provincial figurarán as vacantes para cubrir no correspondente proceso electoral.

##### Artigo 2º.-Prazo.

As eleccións efectuaranse no primeiro trimestre do curso académico 2008-2009, de tal xeito que:

a) A constitución das xuntas provinciais se leve a cabo antes do día 30 de novembro de 2008.

b) A constitución da Xunta Autonómica se leve a cabo antes do día 20 de decembro de 2008.

##### Artigo 3º.-Procedemento.

1. A regulación do procedemento de elección dos membros das xuntas provinciais de directores, e a constitución e funcións das xuntas electorais, seguirá o establecido na Resolución do 4 de febreiro de 1998, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa (DOG do 18 de febreiro), sen prexuízo do establecido na disposición adicional única da Resolución do 25 de setembro de 2002, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establecen as datas de elección dos membros das xuntas provinciais e autonómica de directores de centros de ensino non universitario.

2. A regulación do procedemento de elección dos membros da Xunta Autonómica de Directores seguirá o establecido na Resolución do 17 de novembro de 2000, conxunta da Secretaría Xeral e da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa (DOG do 28 de novembro).

##### Disposición derradeira

Única.-Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2008.

María José Pérez Mariño  
Directora xeral de Ordenación e Innovación  
Educativa

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Decreto 207/2008, do 4 de setembro, polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Val de Camba (Rodeiro-Pontevedra).*

O Val de Camba está situado no concello de Rodeiro, abarcando as parroquias de San Xoán de Camba, Santa Baia de Camba, Fafián e Río, resultando afectadas polo proceso de concentración parcelaria a totalidade dos terreos das ditas parroquias.

A dispersión parcelaria e minifundio agrario que presentan os terreos das parroquias de San Xoán de Camba, Santa Baía de Camba, Fafián e Río, posta de manifesto polos propietarios e agricultores da zona, mediante solicitude dirixida á consellería competente en materia de agricultura, motivou un estudo de viabilidade e de valoración das posibilidades que ofrece a zona para incrementar o rendemento dos recursos agropecuarios, deducíndose a conveniencia de levar a cabo a concentración parcelaria por razóns de utilidade pública e interese social.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro do Medio Rural, formulada conforme o establecido na Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catro de setembro de dous mil oito

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

Declarar de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Val de Camba (Rodeiro-Pontevedra).

#### Artigo 2º

O perímetro da zona será, en principio, o correspondente á totalidade dos terreos das parroquias de San Xoán de Camba, Santa Baía de Camba, Fafián e Río. O referido perímetro quedará en definitiva modificado polas rectificacións, inclusións e exclusións que se acorden ao amparo dos artigos 23 e seguintes da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, na súa nova redacción segundo a Lei 10/2001, do 10 de setembro.

#### Artigo 3º

O proceso de concentración parcelaria deberá supoñer a adxudicación da propiedade en predio único ou no menor número de predios de substitución posible.

#### Artigo 4º

Tal e como dispón no punto 1 da disposición transitoria primeira a Lei de concentración parcelaria para Galicia, a consellería competente en materia de agricultura poderá declarar a caducidade dos expedientes de concentración parcelaria.

De acordo co sinalado polo artigo 7.2º da referida lei, a consellaría poderá revisar a concentración en calquera fase do proceso, e mesmo retrotraer á situación primitiva as parcelas.

#### Artigo 5º

Conforme o establecido pola Lei de concentración parcelaria para Galicia, a partir da entrada en vigor deste decreto, serán sancionables as infraccións que, por acción ou omisión do disposto nela, leve a cabo todo titular dun dereito de propiedade rústica de carácter agrario comprendido dentro da área de concentración e, en todo caso:

a) Por incumprimento da obriga de manter e conservar a terra cultivada conforme a súa capacidade agrolóxica e aproveitamento axeitado dos seus recursos.

b) Polos danos causados nos predios estremeiros que non sexan consecuencia do normal uso do inmovible ou manter o predio inculto ou abandonado, en

concordancia co disposto pola Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

c) Por dificultar os traballos de investigación e clasificación de terras, impedir o acceso do persoal de concentración ás parcelas ou predios para o desenvolvemento da súa función, ou realizar actos que diminúan o valor das parcelas.

d) Por realizar obras ou melloras nos predios sen a correspondente autorización.

e) Por contar ou derrubar arboredo, extraer ou suprimir plantacións ou cultivos permanentes ou esquilmar a terra.

#### Artigo 6º

Á zona seranlle de aplicación os beneficios económicos programados ou asumidos pola Xunta de Galicia, para mellorar ou modernizar as explotacións agrarias, e, en concreto, os que sinale o artigo 6 da Lei de concentración parcelaria para Galicia.

#### Artigo 7º

Os traballos de execución desta concentración parcelaria iniciaranse nun prazo non superior aos 6 meses a partir da publicación deste decreto.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Consellería do Medio Rural para ditar as disposicións complementarias que requira a execución deste decreto.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catro de setembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural

*Decreto 208/2008, do 4 de setembro, polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Val-Bermés-Sello (Lalín-Pontevedra).*

As parroquias de Santo André de Val do Carrio, Santa María de Bermés e Santiago de Sello sitúanse ao norte do concello de Lalín, resultando afectadas polo proceso de concentración parcelaria a totalidade dos terreos das ditas parroquias.

A dispersión parcelaria e minifundio agrario que presentan os terreos das parroquias de Santo André de Val do Carrio, Santa María de Bermés e Santiago de Sello, posta de manifesto polos propietarios e agricultores da zona, mediante solicitude dirixida á consellería competente en materia de agricultura, motivou un estudo de viabilidade e de valoración das posi-